

## OBRADOIROS DE COCIÑA NO NADAL

Luns 22 de decembro: **Renos do nadal**



¡Esta é unha receita que encantará aos cociñeiros e cociñeiras do noso obradoiro! En primeiro lugar faremos unhas deliciosas madalenas de chocolate que despois decoraremos como auténticos renos.


Martes 23 de decembro: **Petiscos do Nadal**



Non todo vai ser doce... faremos uns entrantes deliciosos para celebrar estas festas compostos por canapés, tartaletas e empanadillas.

Decoraremos como verdadeirxs chefs!

Mércores 24 de decembro: **Mazapáns caseiros**



Un dos doces máis tradicionais durante estas datas tan especiais son os mazapáns. Estes doces non poden faltar en ningún Nadal! Ademais faremos unha receita sinxela e moi divertida de preparar. Cada participante poderá facer a súa forma preferida. Seremos auténticas e auténticos reposteiros

Venres 26 de decembro: **galletas de chocolate para Nadal**



Para recibir a época máis esperada do ano, non hai mellor receita que estas galletas, poderemos comelas ou regalalas xa que faremos unha boa fornada

Nós mesmxs encargáremos da decoración!

### Luns 29 de decembro: **Brunch do Nadal**



Agora que están tan de moda os brunch non podíamos deixar pasar a oportunidade de facer o noso propio brunch do Nadal. Como os famosos brunch faremos croissants e palmeiras.

### Martes 30 de decembro: **Tiramisú en vasos**



Esta é unha sobremesa perfecta para calquera celebración, pero tratándose de turrón para celebrar o nadal!

¡Realizaremos unha tarta mundialmente coñecida... o tiramisú! Unha receita moi sinxela e que poderán facer de novo nas súas casas e compartir en familia.

### Mércores 31 de decembro: **Mini troncos**



Estes troncos están realmente bos por dentro e por fóra. Apetecen comelos a calquera hora do día, sobre todo para celebrar estas festas tan importantes.

Pasarémolo en grande decorándoas coa cobertura tan lixeira de chocolate a guinda que nunca pode faltar no pastel.

### Venres 2 de xaneiro: **Cócteles do Nadal**



Porque non todo é comer, ímos aprender a facer diferentes cócteles e batidos para celebrar estas datas.

**Luns 5 de xaneiro: [Mini roscos de reis acompañados de chocolate á taza](#)**



Para rematar estes obradoiros e dar a benvinda aos Reis Magos de Oriente que mellor que facer estes mini roscos que teñen unha suave sabor a laranxa. O resultado vai ser espectacular, quedarán uns roscos deliciosos que poderemos saborear acompañados dunha boa taza de chocolate quente.

**Mércores 7 de xaneiro: [Pizza árbore de Nadal](#)**



¡Rematamos as festas cunha das receitas que máis gustan aos peques da casa... son as pizzas! Nesta ocasión faremos formas divertidas relacionadas co Nadal.

## OBRADOIROS DE MANUALIDADES DE NADAL

Luns 22 de decembro: **Santas de arxila**



Xa falta moi pouco para Noiteboa así que comezaremos estes obradoiros facendo a unha das personaxes máis importantes destas datas, Papa Noel.

Neste Nadal convidamos os máis pequenos a dar vida ao seu propio **Santa modelado en arxila**. Traballaremos con arxila branca ou de cores, moldeando e decorando ata crear unha figura única, chea de personalidade e espírito navideño.

Cada neno e nena poderá levar para casa o seu Santa especial, perfecto para decorar o fogar nestas datas tan máxicas.

Martes 23 de decembro: **Calcetíns de larpeiradas**



A lenda conta, que debemos deixar calcetíns colgados na cheminea para que Papa Noel pase, e deixe os seus doces. Este Nadal os máis pequenos poderán crear o seu propio calcetín personalizado. No obradoiro decoraremos calcetíns con feltro, pinturas, purpurina, adhesivos e moitos detalles creativos para que cada neno e nena leve para casa unha peza única e especial.

Será unha actividade divertida, chea de cor e espírito navideño, perfecta para vivir estas datas en familia.

Mércores 24 de decembro: **Máscara de árbore de Nadal**



Tamén faremos unha máscara de árbore de Nadal para decorar as nosas caras nestas datas tan especiais.

Venres 26 de decembro: **Bolas de nadal**



Hoxe faremos bolas de madeira para o árbol, totalmente personalizadas e cheas de maxia. Durante o obradoiro, os nenos e nenas poderán decorar as súas figuras de madeira con pintura, cores brillantes, pegatinas e moita creatividade. Ao rematar, levarán para casa as súas decoracións únicas listas para colgar na árbore de Nadal e encher de ilusión o fogar.

**Luns 29 de decembro: Adornos**



Hoxe crearemos adorables adornos para o árbore empregando paus de xeado e moita imaxinación. Unha manualidade sinxela, divertida e perfecta para todas as idades. Aprenderán a transformar simples paus de madeira en decoracións sorprendentes para o seu árbore. Cada participante poderá escoller o seu modelo favorito ou crear varios. Levarán un adorno totalmente acabado e listo para colgar no árbore, convertido nun recordo único das festas e feito con moito agarimo por eles mesmos.

**Martes 30 de decembro: Postal aos Reis Magos**



Cada día está máis preto a noite na que chegan os Reis Magos, para iso imos crear a nosa propia postal en tres dimensións, combinando cores, texturas e formas para deseñar unha felicitación única que poderán levar para casa e regalar á familia.

**Mércores 31 de decembro: Cotillón de Ano novo**



Este fin de ano convidámoste a participar nun divertido obradoiro no que crearemos o noso propio cotillón para despedir o 2025 cheos de cor e imaxinación. Os pequenos poderán elaborar antifaces, gorros festivos e caxiñas personalizadas para gardar as súas uvas da sorte. Será unha mañá creativa, chea de alegría e espírito navideño, perfecta para prepararnos para recibir o Ano Novo dun xeito único.

**Venres 2 de xaneiro: Máscara de Rudolf**



Este Nadal os máis pequenos poderán converterse no reno máis famoso da época creando a súa propia máscara de Rudolf. Usaremos cartolina, goma eva, pintura, purpurina e outros materiais decorativos para dar forma ao seu inconfundible nariz vermello e ás súas grandes cornamentas.

É unha actividade divertida, creativa e perfecta para mergullarse no espírito navideño mentres xogamos e aprendemos.

### Luns 5 de xaneiro: **Coroas Reais**



Xa case rematamos os nosos obradoiros preparando a chegada da noite máis máxica do ano creando a túa propia coroa dos Reis Magos. Os nenos e nenas deseñarán e decorarán a súa coroa con cartolina, espellos adhesivos, pedras brillantes, purpurina e moitos máis detalles para darlle un toque real e especial.

Cada participante levará para casa unha coroa única, perfecta para celebrar o Día de Reis con imaxinación e ilusión.

### Mércores 7 de xaneiro: **Bolsas de Nadal**



Este Nadal queremos rematar con moita creatividade, cor e ilusión. Por iso rematamos cun obradoiro moi especial no que os nenos e nenas poderán decorar a súa propia bolsa de tea con motivos navideños, transformando unha peza sinxela nun accesorio único, divertido e totalmente personalizado.